

## **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DE EMPREGO LABORA XOVE 2020 DO CONCELLO DE VILAGARCÍA**

O Concello de Vilagarcía vai desenvolver o Proxecto de Obradoiro de Emprego LABORA XOVE 2020, dirixido as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil para **16 alumnos/as traballadores/as, distribuídos nas seguintes especialidades formativas:**

- **SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS E GOBERNO DE EMBARCACIÓNS DE SALVAMENTO (AFDP0209/AFDP0109/MAPN0212) ( 8 alumnos/as)NIVEL 2 DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE**
- **INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E APROVEITAMENTO FORESTAL (AGAO0208/AGAR0108) (8 alumnos/as) NIVEL 2 DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE**

Segundo a ORDE do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, convocatoria para o ano 2020, o procedemento de selección dos alumnos será o seguinte:

A selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego específica pola Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego de Vilagarcía (antigo INEM)

Na selección terase en conta, en todo caso, criterios como a idade, a experiencia laboral previa, a permanencia no desemprego ou o nivel de cualificación, priorizando a aquelas persoas mozas que non recibiran previamente atención por parte do Sistema nacional de garantía xuvenil e a aqueles que estean máis próximos a cumprir a idade máxima prevista no dito Sistema, todos eles previstos no artigo 105.3 da Lei 18/2014, de 15 de outubro.

Na oferta de emprego que se tramite terán preferencia as persoas que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas

que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

O Concello de Vilagarcía realizará a selección de entre a relación de persoas desempregadas remitidas pola oficina de emprego, mediante unas bases de selección á presentación da oferta na Oficina de Emprego, que serán publicadas na sede electrónica, páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Oficina de Emprego.

## **REQUISITOS FORMATIVOS PARA ACCEDER AO OBRADOIRO DE EMPREGO LABORA XOVE 2019 DO CONCELLO DE VILAGARCÍA**

ORDE do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

### *“Artigo 2. Requisitos de acceso á formación dos certificados de profesionalidade*

1. A Dirección Xeral de Emprego e Formación é o órgano da Consellería de Traballo e Benestar con facultades para comprobar que as persoas aspirantes posúen os requisitos formativos e profesionais para cursar con aproveitamento a formación de certificados de profesionalidade.

2. Para acceder á formación de módulos formativos dos certificados de profesionalidade do nivel de cualificación profesional 1 non se esixirán requisitos académicos nin profesionais.

**3. Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade do nivel de cualificación profesional 2 as persoas aspirantes deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:**



a) Estar en posesión do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.

b) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.

c) Estar en posesión dun certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.

d) Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas.

e) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou 45 anos.

f) Ter o certificado de apto nas competencias necesarias para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación correspondente, a través da superación das probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Traballo e Benestar. Estarán exentas da realización destas probas as persoas que superasen con avaliación positiva accións formativas correspondentes a competencias clave que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal.”

Os mozos/as interesados en participar neste proxecto e que cumpran os requisitos que se establecen na Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG N° 13 do 21 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para os Obradoiros de Emprego dirixidos as persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía Xuvenil, e os requisitos formativos específicos para as especialidades que vanse impartir neste obradoiro, **deberán dirixirse á OFICINA DE EMPREGO DO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO E MANIFESTAR O SEU INTERESE EN PARTICIPAR EN DITO OBRADOIRO.**